

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: 1º Modificación “Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Soutomaior”.

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello, en data 28 de xuño de 2013, aprobou definitivamente a “Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Soutomaior”, que foi publicada íntegramente no BOP de Pontevedra de data 30 de agosto de 2013.

Durante o período de aplicación da ordenanza detectouse a necesidade de introducir certas modificacións.

Por isto, propoño ó Pleno do Concello, previo dictame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a “1ª Modificación da Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Soutomaior” seguinte:

Onde di:

Artigo 12: HORARIO DE APERTURA DOS FURANCHOS

O horario de apertura dos furanchos establecerase dende as 12:00 horas ás 15:00 horas e das 19:00 á 24:00 horas. Este horario poderá ser ampliado una hora máis as noites que vaian de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo.

Debe dicir:

Artigo 12: HORARIO DE APERTURA, TEMPADA E CONDICIÓN

12.1.- O horario de apertura dos furanchos establecerase dende as 12:00 horas ás 15:00 horas e das 19:00 á 24:00 horas. Este horario poderá ser ampliado una hora máis as noites que vaian de venres a sábado, de sábado a domingo, así como as noites anteriores aos festivos.

12.2.- O Concello de Soutomaior establece o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de marzo, e o seu remate o 30 de xuño de cada ano.

Fóra desa tempada non se poderán abrir furanchos e non se admitirá ningunha modificación, nin sequera excepcional ou motivada, nos límites establecidos para tempada xeral de furanchos neste termo municipal.

12.3.- O período de apertura dos furanchos non poderá ser superior aos tres meses, abranguido este dentro do prazo establecido no artigo 12.2 da presente ordenanza.

Os solicitantes deberán presentar, convenientemente cumprimentada, a declaración responsable previa ou comunicación



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

da renovación e demais documentación esixida no artigo 4 da presente ordenanza, facendo constar obrigatoriamente o período de funcionamento elixido para o seu furancho nas declaración ou comunicación que acheguen.

12.4 Quedan prohibidas as instalación audiovisuais e/ou musicais e non se poderá instalar ningunha fonte sonora no interior do furancho.

Segundo.- Someter dita modificación da Ordenanza municipal á información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, WEB e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

A ALCALDESA ACCTAL.

Documento asinado dixitalmente á marxe.